

## COMUNICADO DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS - CONSULTA DO BORRADOR DO IRPF

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) veñen actuando de forma conxunta na mellora dos servizos ao contribuínte, especialmente no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), para o cal considera de gran interese a utilización das novas tecnoloxías no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Así, asinou un protocolo coa AEAT, para o **procedemento de consulta telemática do borrador do IRPF polos empregados públicos da Comunidade Autónoma de Galicia**.

O procedemento permite anticipar a consulta da información fiscal mediante o acceso ao borrador de declaración ou aos datos fiscais través da **Oficina do Profesional (FIDES)** na seguinte dirección web:

Dende a rede interna do SERGAS <http://fides/>

Dende fora da rede do SERGAS [www.sergas.es/fides](http://www.sergas.es/fides) (acceso con certificado dixital)

Para a realización da consulta é preciso estar dado de alta como usuario en Fides ou dispoñer de certificado dixital.

As implicacións do procedemento son as seguintes:

1. A consulta realízase mediante servizos web do SERGAS e da AEAT, polo que o acceso é directo dende o terminal usado polo/a empregado/a público/a ao servidor da AEAT. Isto significa que en ningún caso o SERGAS ten acceso aos datos e documentos facilitados pola AEAT ao empregado público.
2. O sistema de consulta é equivalente ao que puidera realizar o/a empregado/a público/a na sede electrónica da AEAT, empregando un certificado dixital. Polo tanto, a vantaxe que proporciona este sistema consiste en que pode realizarse a consulta mediante a identificación como usuario rexistrado no FIDES.
3. Cando a AEAT careza da información do borrador, visualizaranse os datos fiscais do exercicio, para facilitar a confección da declaración do imposto.
4. Unha vez que se acceda ao borrador ou aos datos fiscais por parte do/a empregado/a público/a, a AEAT considerará comunicado o devandito borrador (ou datos fiscais) polo que non o remitirá en formato papel por correo ordinario ao domicilio do contribuínte.
5. Trátase dun sistema de consulta do Borrador do IRPF (ou dos datos fiscais) xunto co seu “numero de referencia”. **Por este sistema non pode realizarse a confirmación ou modificación dos borradores**. A confirmación do borrador de declaración ou a solicitude de modificación poderá realizarse, facendo constar o Número de Identificación Fiscal (NIF) e o número de referencia do borrador, a través das vías sinaladas na Orde do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas pola que se aproba ao modelo de declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, entre as que destacan as seguintes:

a) Por **vía telemática**, a través do portal <http://www.agenciatributaria.es> ou mediante mensaxe SMS.

b) Por **vía telefónica**, mediante chamada ao número 901 200 345 ou 901 12 12 24.

A confirmación do borrador de declaración poderá efectuarse, calquera que sexa o seu resultado, a ingresar, a devolver ou negativo, a partir do día 10 de Abril, sempre que se realice por vía telemática ou telefónica. Se se efectúa por outra vía, o prazo empeza o día 3 de maio.

En conclusión, a vantaxe deste sistema é que anticipa a posibilidade de acceder aos datos do borrador do IRPF ou dos datos fiscais, o que lle permitirá anticipar a presentación da declaración. Sendo necesario confirmar ou modificalo borrador pola vía habitual e, así tamén, no seu caso, supón poder anticipar a solicitude de devolución.

*Este procedemento de consulta atópase amparado polo artigo 96 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, relativo á utilización de tecnoloxías informáticas e telemáticas no ámbito tributario, en cuxo apartado 1 se dispón que "A Administración tributaria promoverá a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que a Constitución e as leis establezan" e continúa o apartado 2 establecendo que "Cando sexa compatible cos medios técnicos de que dispoña a Administración tributaria, os cidadáns poderán relacionarse con ela para exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigas a través de técnicas e medios electrónicos, informáticos ou telemáticos coas garantías e requisitos previstos en cada procedemento". Así mesmo, tense en conta o disposto no Capítulo II do Título I da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, relativo ás formas de identificación e autenticación ante as Administracións Públicas.*

*O procedemento de consulta e remisión do borrador respecta os dereitos fundamentais á honra e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns e á protección de datos persoais que prescriben os apartados 1 e 4 do artigo 18 da Constitución Española, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, e na Instrución da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria número 5, do 12 de setembro de 2001, que implanta o documento de seguridade dos ficheiros automatizados de carácter persoal da Axencia Tributaria.*

Moitas grazas pola súa colaboración,

Santiago de Compostela 2 de Abril de 2012

DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS